

2011. A SANIDADE EN LUGO

A mesa permanente da Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública de Lugo (PDSP) na súa derradeira reunión do ano 2011 acordou facer un resumo do que representou na nosa provincia este ano para a sanidade pública; aínda que a información xa dada nos boletíns elaborados pola Plataforma ao longo do ano constitúe un seguimento paso a paso, pensamos que unha ollada cara a atrás nos pode axudar a comprender o pasado e tamén o que ven en camiño: recortes anunciados e executados, que non parecen contar para a Consellería de Sanidade cando se trata de publicar nun periódico local o propagandístico artigo do primeiro ano de vida do Hospital Lucus Augusti (HULA).

O triunfalista aniversario da inauguración e posta en funcionamento do HULA é o noso punto de partida para analizar a realidade sanitaria, non tan idílica, que existe detrás desta pantalla tan luminosa.

1º.- Seguen baleiros, e en franco proceso de deterioro, os edificios deixados a raíz do traslado do HULA: antigo Xeral-Calde, materno infantil e antiga escola de enfermaría. Os veciños do Barrio da Residencia, que xa fixeron mobilizacións esixindo que se lles dea uso a estes edificios, porque son de todos os lucenses, seguen a agardar unha resposta concreta e definitiva por parte da Consellería de Sanidade. (Estes días recibiron a promesa da Xunta de que serían destinados 1.500.000 euros dos orzamentos da Xunta para reformas do vello hospital, co fin de que poidan acoller diversos servizos sanitarios; non se concretan os servizos e tampouco se di nada do laboratorio de Saúde Pública). Esperaremos vixiantes a ver se esta promesa se cumpre.

O contradictorio é que, en plena crise, o SERGAS teña alugados outros locais, polos que paga, a pesar de ter baleiros estes espazos. A maior abundamento, o centro de Especialidades segue a estar infrautilizado.

2º.- Despois do primeiro aniversario da apertura do HULA, as listas de espera seguen a medrar, a pesar das maquillaxes e maquinacións da Consellería de Sanidade, cuxa política é citar en moitas consultas de especialidades un gran número de pacientes, o que merma a calidade da asistencia e, ademais, sobrecarga o traballo do facultativo especialista que non pode atender como debera a todos os pacientes..

Dende esta Plataforma seguimos a esixir un CAR (Centro de Alta Resolución) para Lugo, sito no casco urbano, o que facilitaría o acceso aos especialistas e, sobre todo, reduciría as listas de espera, xa que nos CAR o 90% das consultas e probas diagnósticas resólvense no mesmo día.

3º.- O peche de camas e consultas na época estival, así como a non substitución de especialistas só contribuíu ao aumento das listas de espera e ao consecuente deterioro da asistencia sanitaria.

Os cambios de cita en épocas de vacacións son práctica habitual e xa, por reiterativa, aceptada mansamente polos usuarios; non obstante, esta práctica supón un grave problema cando se trata de detectar patoloxías ou atender outras xa existentes, co que se vai alongando o tempo de espera e existe o risco permanente de que se realicen tarde diagnósticos de gravidade. Temos coñecemento de posoperatorios, que, despois de ser dados de alta, non evolucionan correctamente e se encontran sen a posibilidade de acudir á consulta do especialista correspondente, porque esta foi anulada por vacacións de Nadal, sen ofrecerlle outra data, quedando o paciente abandonado sen outra alternativa que acudir a urxencias, de onde xeralmente volve a ser remitido ao especialista correspondente.

4º.- Misteriosamente, hai camas pechadas no HULA, pero intervencións de traumatoloxía e outras especialidades son desviadas a un centro dos concertados en Lugo; biopsias e outras probas á Coruña; e os pacientes en listas de espera

PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO

cirúrxica seguen esperando meses para operarse... Como se pode explicar isto? Gostaríanos que alguén no lo aclarara, se é que é posible.

5º.- Os servicios de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear seguen sen estar abertos... E xa va máis dun ano! E os pacientes lucenses teñen que seguir desprazándose a outras provincias para recibir atencións e prestacións a pesar de que estes servicios estaban previstos para o novo hospital. Funcionarán algún día?

6º.- O risco actual de que Lugo sexa só unha única área provincial, repercute negativamente nos pacientes de Burela e Monforte, porque levará consigo o recorte de servicios en Burela e Monforte, e o consecuente colapso da asistencia en Lugo.

2011. ORZAMENTOS

1º.- Os orzamentos para Lugo no capítulo de persoal foron os mesmos que os do 2010. O prometido incremento de persoal foi reducíndose progresivamente: de 400 prazas de enfermaría só foron ofertadas 169 .

2º.- En infraestructuras, para hospitalización destináronse 2.250.000 euros; e para os centros de saúde da provincia, as cantidades foron irrisorias, só suficientes para o inicio da tramitación de modelos de financiamento público-privado. Foi confirmado pola propia Consellería que dos 22 centros de saúde que se comezarán a construír en 2012, 19 de eles serán segundo o modelo de pago abraiado. É dicir, custes multiplicados por catro e despilfarro.

2011. CONCURSOS NO DOG

A mesa permanente da PDSP fixo durante o ano 2011 un rigoroso seguimento do DOG coa fin

de informar das adxudicacións a empresas privadas de diferentes servicios do HULA. Así atopámonos con varias “curiosidades”:

1º.- Adxudicación da lavandería (DOG do s 13/01/2011) a FUNDOSA LAVANDERÍAS por un importe total de 304.000 euros. O grupo Fundosa é unha división empresarial creada pola fundación ONCE con empresas en todo o territorio español; en Galicia é FLISA SANTIAGO, sita no polígono industrial do Tambre, Vía Pasteur 17, 15890 Santiago de Compostela.

2º.- Adxudicación do servizo de transporte de roupa do HULA e os seus centros dependentes ata a LAVANDERÍA DO CHUAC (A Coruña), (DOG do 23/03/2011), por un valor de 440.000 euros.

Olo: o xornal dixital *La Voz de Galicia.es* (26/07/2011) informa no artigo titulado “La Superlavandería Coruñesa” que o CHUAC estrea túnel de lavado e que o citado túnel asume a roupa do HULA.

É lóxico preguntarse que foi o que en realidade se lle adxudicou a Fundosa Lavanderías, xa que a roupa lávase na Coruña (Polígono da Grela), o transporte é á Coruña pero a empresa adxudicataria ten a sede en Santiago (!?).

3º.- O día 15/03/2011 publícase no DOG a formalización do servizo de limpeza do hospital por un importe de 9.953.932,32 euros (case 10 millóns de euros).

4º.- No DOG do 11/11/2011 aparece a resolución da Xerencia do Servicio Galego de Saúde pola que se fai pública a formalización do procedemento para a prestación de servicios de Fisioterapia, Logopedia e Fisioterapia Respiratoria a os pacientes beneficiarios da SS na provincia de Lugo (norte-Burela, centro-Lugo, sur-Monforte) por un importe de 1.543.590 euros.

5º.- Descoñecemos o sistema de contratación

PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO
PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO
PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO

utilizado para as máquinas de quendas de consultas externas; e tamén para o servizo de mantemento do HULA, polo que non sabemos que cantidades se pagaron por esas concesións, pero a bo seguro non foron pequenas, e seguimos a pagar a empresas privadas cos cartos públicos.

6º.- E por último, e segundo noticia aparecida no xornal *El Progreso* (28/11/2011), a partida destinada a concertos públicos con entidades privadas (é dicir, ás privatizacións) será no 2012 de 11.713.430 euros.

Estes fondos son para concertos de Atención Especializada con empresas privadas da provincia e doutros puntos de Galicia, dende operacións ata tratamentos de fertilidade.

Nesta mesma noticia lemos que o HULA recibe 3,4 millóns de euros dos que 2,1 serán para terapia respiratoria e o resto, 1,3 millóns, para probas de pacientes do sistema sanitario público realizadas en centros privados: para Resonancia Magnética e Medicina Nuclear resérvanse 700.000 euros; para TAC, 450.000 euros; e o resto para outros servizos especiais.

Sumemos:

Lavandería	304.400
Transporte.	440.000
Limpeza	9.953.932
Fisioterapia e Logopedia.	1.543.590
Concertos con empresas privadas .	11.713.430
Concertos que asume o HULA . . .	3.400.000
TOTAL euros.	27.355.352

É dicir: catro mil trescentos vinte millóns das antigas pesetas! E isto só en Lugo.

Que pasa noutras provincias galegas de moitos máis habitantes? O mesmo, pero incrementado proporcionalmente.

Canto emprego público se podería crear con

estes cartos? É máis, cantos postos de traballo perdemos en Lugo polo privatización dos servizos de lavandería e mantemento que daban traballo e unha vida digna a moitos lucenses?

Que en tempos de crise, se fagan estes despilfarros, é realmente grave, e irresponsable.

2011. ATENCIÓN PRIMARIA

En canto a Atención Primaria, a suspensión do Plan de Mellora da Atención Primaria supuxo para Lugo:

1º.- Unha importantísima perda de postos de traballo que non se consolidaron no ano 2009, e un número indeterminado número de prazas que deixaron de crearse, ademais da perda de servizos e de capacidade resolutiva na Atención Primaria.

2º.- A última actuación da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, a maiores de reducir a calefacción nalgúns Centros de Saúde, foi cerrar axendas en ausencia do médico de cabeceira por vacacións ou baixa por enfermidade, decisión que xerou caos entre os pacientes, ademais de conculcar os seus dereitos á atención sanitaria.

3º.- No 2011 pechouse o Centro de Saúde de Oural e suprimíuse unha ambulancia en Foz; non foi renovado o concerto que existía coa Universidade de Santiago de Compostela para Odontoloxía, concerto que cubría a atención odontolóxica a nenos e persoas maiores con discapacidade ou que presentaban outro tipo de problemas. Máis recortes!

4º.- A nova modalidade de citación telefónica para os Centros de Saúde, non parece que sexa a máis adecuada para o noso medio xa que é un sistema no que hai que seguir nove pasos; e iso con sorte, xa que debido ás variedades lingüísticas segundo a zona xeográfica, pode pasar que o sistema non reconeza o idioma e haxa que voltar a comenza de novo.

PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO **PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO** **PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO**

Este sistema non respecta aos nosos maiores, acostumados ata agora a un trato máis directo e ademais pouco afeitos a estes medios tan automatizados. É unha maneira máis de restrinxir o acceso ao sistema sanitario.

Xa que este é a porta de entrada ao sistema sanitario, debería cando menos ser axeitado ás características da nosa poboación (envellecida e, en ocasións, soa) e da nosa xeografía (cunha deficiente cobertura telefónica nalgunhas zonas).

5°.- Por outra banda, non deixa de ser tan sorprendente coma censurable que o SERGAS esqueza as disposicións da Xunta de Galicia sobre o uso da lingua galega, xa que o folleto explicativo das normas a seguir para concertar unha cita nos Centros de Saúde ten once puntos explicados en perfecto castelán (!?).

2011. AXUDAS RETIRADAS

No DOG do 16/11/2010 (orde do 4/11/2010) quedou anulada a compensación económica polo consumo de auga e electricidade que ata esa data se daba aos doentes que recibían nos seus domicilios osixenoterapia con concentrador, (doentes pulmonares, EPOC).

En Galicia eran uns 1500 usuarios os que recibían esta compensación que supoñía uns 173,32 euros por persoa e ano.

A pesar disto, a anterior conselleira, a Sra. Farjas, presentou no Parlamento de Galicia o 14 de xuño de 2011 o Plan de Prioridades Sanitarias, no que se incluía a EPOC en sexto lugar, por diante dos cancros de colon e de mama fimininos.

2011. INCIDENTES

1°.- Dende a apertura do HULA, a Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública de Lugo, asumindo o risco de que se nos tachara de alarmistas, avisou do perigo de accidentes na porta xiratoria e nas escaleiras mecánicas.

Tristemente, o tempo demostrou que tiñamos razón: neste ano pasado houbo problemas na porta e accidentes de diversa relevancia nas escaleiras: un paciente faleceu polas consecuencias rivadas dunha caída nas escaleiras, feito que foi denunciado pola familia do falecido.

2°.- Tamén nas portas dos cuartos de baño das habitacións se produciron accidentes nas mans, tanto de pacientes coma de traballadores. E hai unha denuncia dunha paciente á que se lle tivo que suturar o queixo e a man por un traumatismo producido ao saír do baño e abrir ao mesmo tempo a porta da habitación. A pesar de isto as portas seguen sen ser arraxadas.

3°.- Así mesmo, tampouco se tomaron medidas para indicar mellor os ascensores ou vixiar que a xente de idade ou con problemas de mobilidade non suba ou baixe polas escaleiras mecánicas.

4°.- Noutro orde de cousas, produciuse unha rotura de tuberías que afectou á 4ª planta, caendo auga en cantidades moi importantes á terceira planta, estando a piques de ter que ser suspendidas as consultas, feito dificilmente explicable nun hospital recentemente inaugurado.

2011. CONCLUSIÓNS

1°.- No HULA seguiuse un rápido proceso de privatización de servizo (limpeza, mantemento; vixiantes xurados; máquinas de quendas, lavandería) e parece que, se os cidadáns non lle poñemos freo a esta escandalosa escalada privatizadora, o seguinte será a supresión dos

PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE LUGO

servizos públicos de diagnóstico e tratamento para seren comprados a empresas privadas.

A tendencia privatizadora dos actuais xestores do SERGAS avísanos dun gravísimo perigo: que os servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear, cuxa data de funcionamento se leva adiando e ocultando sistematicamente, sexan contratados a empresas privadas, incrementado así a dependencia tecnolóxica do HULA dos centros privados, que conseguen dotarse de tecnoloxía punta grazas aos concertos co SERGAS.

2º.- A elevadísima cantidade de euros pagada polo SERGAS ao sector privado polos servizos públicos, parece cando menos obscena nestes tempos de crise (non se substitúe, non se crean prazas, cérranse consultas de especialidades en vacacións, cérranse axendas en Atención Primaria...).

É esta a austeridade da que nos falan?

Ou, máis ben do que se trata é, aproveitando a dramática situación económica que xera a crise, de adelgazar o sistema público para engordar o privado?

3º.- Os profesionais sanitarios e os pacientes estamos a comprobar que todas estas medidas, presuntamente presentadas como axustes ou necesarias diminucións do gasto son só privatizacións, que afectan directamente á calidade da asistencia sanitaria ademais de encher as contas das empresas privadas.

A evidencia é irrefutable: as listas de espera non baixan, senón que medran e medran cada vez máis a pesar das manobras manipuladoras por parte dos responsables do SERGAS para ocultalas, ora dicíndolle aos pacientes que xa os

chamarán, ora obrigándoos a acudir persoalmente a pedir cita nalgúns especialidades, ora realizando valoracións dos volantes expedidos polos médicos de cabeceira...

4º.- A capacidade resolutiva da Atención Primaria está claramente mermada por actuacións deste tipo e pola supresión do Plan Mellora da Atención Primaria, que incluía entre os seus obxectivos a toma de citoloxías e a realización de cirurxía menor, co que a atención se axilizaba e diminuían as listas de espera.

Soamente, a actuación decididamente en contra dos cidadáns lucenses poderá parar esta deriva privatizadora dos servizos sanitarios, que ademais leva a unha fragmentación e diminución da calidade asistencial e, consecuentemente, a unha precarización do emprego.

5º.- Os lucenses temos dereito:

- A unha Sanidade Pública de calidade, que pagamos cos nosos tributos.

- A que non se pechen consultas, nin en Atención Primaria nin en Especializada.

- A que cos nosos cartos (impostos) se cree emprego público e non, como está a acontecer ultimamente, se destrúa e se amorticen prazas en todas as categorías e sectores laborais da administración pública.

- A unha información clara e intelixible sobre os servizos e empresas privadas que se contratan e por qué.

- E, sobre todo e ante todo, temos dereito a unha asistencia sanitaria eficaz, digna e de calidade, sen esas interminables e insufribles listas de espera.